


Manual básico para emprego de pantalla


Todas as aulas están previstas da pantalla, dous lápis e un teclado inalámbrico.

Ao encender a pantalla, por defecto apareceranos a seguinte:





→ **Conectar co ordenador para que nos apareza a mesma pantalla que este.** Pulsamos enriba de  que aparece na barra que se ve na imaxe. **Se non vos aparece esta barra despregable**, veredes dúas frechas pequiñas (unha no lateral dereito e outra na parte inferior, tal e como se sinalan na imaxe no círculo vermello). Pulsando nelas despregarase dita barra de ferramentas.


Unha vez pulsado, apareceranos a seguinte pestana. Seleccionamos *HDMI 1* e xa se conectará co ordenador.



→ **Poñelo en modo pizarra.** Se estamos conectados ao ordenador do profesor, deberemos volver a facer o

de antes: pulsamos enriba de  que aparece na barra que se ve na imaxe e seleccionamos o modo Android.



Pulsamos enriba da icona  que podemos ver tanto no propio escritorio como no menú de abaixo.

Este ten moitas funcións, podemos facer táboas, medir con regra, debuxar figuras xeométricas... Pero o uso máis sinxelo e estendido é o do lapis. Pulsamos enriba da icona do lapis e debuxamos directamente. Para borrar, pulsamos enriba da goma, e borramos co lapis físcico (podemos borrar e debuxar tamén coa man).

